

O REXURDIR DA MÚSICA GALEGA (CARTA ABERTA Ó SEÑOR CUNQUEIRO)

MAR VELASCO

Conta vostede, meu querido amigo e señor Cunqueiro, de cando andaba polos outros camiños, que «*en Bretaña, que hay que decirlo de una vez, se discute de gaitas como aquí de fútbol...*» ¡Que envexa, don Álvaro! ¡De gaitas...! Aquí, onde máis se debería falar de gaitas, a xente segue a morrer de fútbol, enfebrecida, sen ninguén que lle bote unha man nin lle diga que hai outras cousas por aí fóra que pagan a pena...

Como vostede verá, as cousas non teñen cambiado moito dende aquela...; o único, o da Internet, que é unha cousa –mire vostede por onde– coa que se pode viaxar polo mundo sen saír da casa. En resumidas contas, como un daqueles enxeños que tiña en Esmelle o seu señor Merlín, só que peor, que á miña casa inda non teñen vido sereas nin mouros...

Pois ben, xa que están todos a mira-lo partido e eu algo de bretona debo de ter, imos falar de gaitas un pouquiño, ¿si? De gaitas e de zanfona, de tradición e de modernidade, de aventuras e desventuras... ¡de música! De toda esa xente que ten algunha inqueda máis que a de baixar ó bar a mira-lo fútbol e que, a Deus graciñas, cada vez vén sendo máis. Dese rexurdir da música galega, que, aínda que se viña xestando dende hai tempo, comeza a espreguizarse e a mirar máis alá do Padornelo. ¡Ai, quen lle dera miralo, señor Cunqueiro! Vostede, que tanto sabía de ventos, «*eses grandes señores ebrios de liberdade*» –que non hai vento que entenda de portas– vostede, digo, tiña que mirar de que maneira está a soprar o vento da música galega de raíz. Ese si que é o «*ventus validus*», o vendaval que vai recollendo os neboeiros de antergas tradicións e as brisas que falan a lingua dun novo milenio; o vento do Camiño... Un Camiño de ida, pero tamén de volta, un Camiño de encontros, de cultura, de música e de románico, de lendas, de fe, de espírito, de Historia, en definitiva. Da Historia de Galicia, que pouco menos que vén sendo a Historia de tódalas historias...

Pero deixémo-lo Camiño para outra ocasión, e imos coa música a outra parte; eso si, sen afastar-

nos moito de Compostela e da «fotografía» de instrumentos de época que fixo o mestre Mateo nese glorioso *Pórtico da Gloria*. A recuperación e perfeccionamento daqueles instrumentos debémolo ó labor dos mestres artesáns, os Merlins de tódolos tempos, os únicos que teñen nas mans o conxuro para facer música dos soños...

Se eu lle dixese cantos gaiteiros temos, íase abraiar: ¡máis de trinta mil! E quen non ten unha gaita, ten unha pandeireta, ou unha voz que racha o ar cunha cantiga centenaria que fai sorrir ás avoas... Son as «pandereteiras» e as «cantareiras», aquelas que vostede mirara de neno nas festas e romarías do seu Mondoñedo natal, e que tamén están a volver. A herdanza foi moita, don Álvaro, e xa vai sendo hora de que dea froitos.

A música de raíz está a vivir un dos seus momentos máis doces; hai unha gran variedade de estilos, unha gran riqueza de ideas á hora de traballar, cadaquén escolle o seu camiño. Hai quen fica no tradicional (as pandereteiras de *Leilla, Cantigas e Agarimos* ou de *Xiradela, Milladoiro*, os *Luar na Lubre...*), hai quen prefere a fusión con outros estilos (*Berrogüetto, Xeque Mate, Mutenrohi...*), cos ritmos doutras culturas (*Fía na Roca, Na Lúa...*), coas novas tecnoloxías instrumentais... O que tamén está a medrar moito é o fenómeno dos festivais, que aínda que están tratados con moita vontade, as máis das veces non dispoñen das condicións máis idóneas para o seu mellor desenvolvemento... Pero deixémonos de sermóns, cando a realidade é que aí están os festivais, e o esforzo dos que traballan nestoutra vía máis de expansión para tódalas músicas, que Galicia non é só folk... Aí ten, como sempre, ós cantautores (*Emilio Cao, Uxía...*), fillos e fillas daqueles xograres e trobadores que foran os primeiros en cantar amores e maldicires. Cúmprese en todos eles, como dicía vostede, «*o perpetuo milagre da poesía*».


Sei que vostede coñecera moitos mestres e intérpretes de música clásica –por chamarla dalgunha maneira, que para min é a Música con maiúscula– e sei ben que lle encantaba Mozart. Pois saiba que

tamén están a nacer novas orquestras, orquestras galegas (*Real Filharmonía de Galicia, Xove Orquestra...*) que están a traballar moi duro para abrirse camiño neste marabilloso e tantas veces mal agradecido mundo da Música.

¡Ai, e que non se me esqueza falarlle do rock! —¿lémbrese do rock?—. Tamén vai vento en popa. Hai unha corrente moi galaica ela, moi festicheira e moi «bravú» (...moi enxebre, para que vostede me entenda) que así se fai chama-lo movemento. Como di a miña avoa, non é cousa para «mistingués», que non sei moi ben o que quere dicir pero que se entende de marabilla, ¿non si?

De xeito, señor Cunqueiro —e volvendo ó das gaitas— que podo asegurarlle que hoxe, tamén as nosas gaitas son case, e sen case, música sacra (aí ten vostede ó *Carlos Núñez* e ó *Xosé Manuel Budiño* que andan a poñe-lo mundo patas arriba). A mesma voz dos celtas aurais que vostede escoitara na Bretaña e que tamén chegaron tras longas peregrinacións á beira do Océano, ós últimos penedos do mundo terreal. O canto do mesmo pobo humilde e fiel, ese que se conserva unido nunha parcela europea de verdes outeiros, en amizade cos ventos, e coas ondas, axeonllado polos calvarios, danzarán nas festas, pastoreado por santos taumaturgos. Un pobo tamén libre e verdadeiro, lacónico e sentimental. E que, cando os galegos teñen que dicir que a vida é fermosa, o mundo redondo e o viño fresco enchen, ó xeito dos bretóns, ou mellor, o fol da gaita, irmá daquela cornamusa que vostede escoitara en Lorient.

Todo isto tamén cumpría dicilo dunha vez... ¿lémbrese vostede daquela lenda que escribiu?: «*A veces, en los vados del Aulne —el río Umia dulcísimo de allá— pasa un paño de niebla pálida. Dicen que esto ocurre cuando muere un gaitero, y esa niebla es su suspiro que va a dormir para siempre en la brisa que se mece en las ramas de los abedules...*»



Sacado de Estévez Vila, X (1987): *Agaita no eido da música*, Vigo, Ed. Mayequis, p. 5.

Seguramente, a primeira en conta-la lenda foi a moza daquel gaiteiriño que morreu o día que lle dixeron que xamais podería volver a Galicia...

¡Ah, señor Cunqueiro, imos ter que deixalo aquí! Gustaríame moito seguir a falar con vostede, pero coido que haberá de ser noutra ocasión: son máis das dez e media, e o árbitro acaba de pita-lo final do partido.

Queda a vosa enteira disposición, para o que sexa menester e para o que guste mandar, a súa boa amiga.